



CONCELLO DE GUITIRIZ

BASES CONCURSO DE CARTEIS ANUNCIADORES DA XXIV FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA DE PARGA

PRIMEIRO.- OBXECTO E TEMÁTICA.

O Presente Concurso, ten como obxecto seleccionar o cartel oficial anunciador da XXIV Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga do ano 2018

O tema do cartel será orixinal e inédito , de libre elección, relacionado coa temática da feira, procedemento e composición anunciando de maneira clara a XXIV Feira da Cantería, Callos e Artesanía que se celebra en Parga o Domingo 22 de Xullo.

SEGUNDO. PARTICIPANTES.-

Poderán participar neste concurso cantas persoas estean interesadas, ben individualmente, ben en equipo a partir dos 16 anos de idade.

TERCEIRO. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.-

Poderá presentarse un máximo de un cartel por participante.

A obra deberá se orixinal, inédita e de técnica libre .

O participante cede ó Concello de Guitiriz o dereito a poder difundir a obra en medios de comunicación, redes sociais, web e garante que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre o cartel que presenta ó concurso e se responsabiliza totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

CUARTO. INSCRICIÓN E FORMA DE PRESENTACIÓN DA OBRA.

O prazo para inscribirse e presentar os carteis anunciadores da XXIV Feira de Cantería, Callos e Artesanía de Parga 2018 **comeza o 28 de Maio e rematará o 15 de Xuño de 2018**, ambos incluídos.

Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do concello de Guitiriz, Rúa do Concello, nº4.27.300 Guitiriz, en horario de 9:00h a 14:30h, ou no seu caso, en calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para calquera aclaración no Telf:982 370 109 ou no mail info@concellodeguitiriz.com

Os traballos deberán dispoñer das seguintes características :

- a-) Os orixinais presentaranse en papel e en soporte dixital (CD, USB).
- b-) O Tamaño máis aconsellable será DIN A3, aínda que se admitirán formatos maiores.
- c-) O deseño debe ser orixinal e creación do propio autor , quedando eliminadas todas as obras sospeitosas de ser copias doutras existentes.
- d-) As obras deberán vir nun sobre cun lema , e axuntar a plica onde figure o lema e no seu interior os datos do participante: Nome e Apelidos, DNI, Teléfono e Enderezo.
- e-) O Cartel deberá levar necesariamente os seguintes textos:
 - XXIV Feira da Cantería, Callos e Artesanía 2018
 - Domingo 22 de Xullo 2018
 - Parga.

QUINTO. PREMIOS.

O deseño gañador será premiado con 200€ máis Diploma.

A entrega do premio será o día da Feira , domingo 22 de Xullo de 2018 pola tarde.

SEXTO. XURADO.

O xurado será designado polo Concello de Guitiriz e estará formado por tres persoas relacionados có mundo das artes. Actuará como secretario/a , con voz sen voto , un membro da corporación.

SEPTIMO. CARTEL PREMIADO.

O deseño premiado será a imaxe da Feira da Cantería, Callos e Artesanía deste ano 2018 e pasa a ser propiedade do Concello, quedando supeditado a tódalas modificacións que fosen necesarias para a súa publicación e difusión.

OITAVO. CARTEIS NON PREMIADOS.

Os deseños non seleccionados formarán parte dunha exposición pública que se celebrará o propio día da feira. Unha vez rematada a mesma poderán ser recollidos polos autores e poderán dispoñer deles como mellor consideren.

NOVENA.OBLIGATORIEDADE.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases. A organización decidirá a maiores sobre calquera dúbida non resolta neste documento.

